



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
EEASSD DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Guía docente

Título superior de diseño

Especialidade: Interiores

Disciplina: Debuxo artístico.

Modelo.
Guía
docente
. Ver.
01.
01/09/20
15.



Índice

1. Identificación e contextualización.....	3
2. Descrición da disciplina.....	3
2.1 Descritores.....	3
2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.....	3
2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación.....	3
2.4 Metodoloxía.....	5
3. Obxectivos.....	5
4. Competencias que se desenvolven na disciplina.....	6
4.1 Competencias transversais	6
4.2 Competencias xerais	6
4.3 Competencias específicas da titulación.....	6
5. Organización dos contidos.....	6
5.1 Contidos.....	6
5.2 Organización.....	7
6. Procedemento de avaliación.....	7



1. Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	Escola de Arte e Superior de Deseño "Antonio Faílde". Ourense				
Web escolas	www.escolarte.com				
Mail escolas	escola.artes.antonio.failde@edu.xunta.es				
Materia	Debuxo artístico				
Disciplina	Debuxo artístico				
Carácter	F. B. (Formación básica)	Tipo	T.P. (Teórico Práctica)	Duración	Anual
Curso	Primeiro				Créditos ECTS 10
Horas de clase semanais		5			
Horas de traballo non presencial		60			
Horas de tutoría		10			

2. Descrición da disciplina

2.1 Descritores

- [Debuxo de observación, expresión e representación.
- [Técnicas instrumentais da estrutura, a expresión e a representación bidimensional e tridimensional.
- [Coñecemento e análise das distintas técnicas de representación.
- [Métodos de investigación e experimentación propios da materia.
- [A Cor

Modelo.
Guía
docente
. Ver.
01.
01/09/20
15.

2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.

Non se contempla

2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

- [Usar correctamente os recursos gráfico plásticos de composición, encaixe, proporción, claroscuro e cor nas creacións formais.
- [Potenciar a sensibilidade diferenciando criterios estéticos e gusto persoal.
- [Desenvolver a creatividade a través da adquisición de cultura visual.
- [Desenvolver o vocabulario técnico, obxectivo e preciso achegado feito estético.
- [Representar e expresar graficamente ideas mediante bosquejos.
- [Representar o espazo e o volume sobre o plano con obxectividade usando diferentes técnicas gráficas.



2.4 Metodoloxía

Actividades introdutorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

Exposición maxistral

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partires dos contidos teóricos.

Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.

Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.

Actividades de avaliación

- Formativa.
 - Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.
 - Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.
- Sumativa.
 - Comprobar si se adquiriron as competencias previas.
 - Establecer balances dos resultados.

Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.

3. Obxectivos

Acadar as competencias transversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.



4. Competencias que se desenvolven na disciplina

4.1 Competencias transversais

- [Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- [Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
- [Realizar autocritica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
- [Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

4.2 Competencias xerais

- [Dominar as linguaxes e recursos expresivos da representación e a comunicación.
- [Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
- [Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e a cor.
- [Actuar como mediadores entre a tecnoloxía e a arte, as ideas e os fins, a cultura e o comercio.
- [Optimizar a utilización dos recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos.

4.3 Competencias específicas da titulación

- [Analizar, interpretar, adaptar e producir información relativa á materialización dos proxectos.
- [Interrelacionar as linguaxes formal e simbólica coa funcionalidade específica.
- [Coñecer os recursos tecnolóxicos da comunicación e as súas aplicacións ao deseño de interiores.

Modelo.
Guía
docente
. Ver.
01.
01/09/20
15.

5. Organización dos contidos


5.1 Contidos

- [O modelo académico: a mímese.
- [O apunte do natural: encadre, encaixe, proporción.
- [A representación e análise da figura humana.
- [A representación do espazo tridimensional.
- [Propiedades visuais da forma.
- [A composición.
- [A cor
- [Debuxo: liña, mancha e textura.
- [O movemento.
- [Técnicas gráficas



5.2 Organización

Distribución horaria



6. Procedemento de avaliación

A ensinanza é de carácter presencial e asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por ano académico, ordinaria e extraordinaria.